

DECRETO DA ALCALDÍA N° 1305 /2018

I.- En data 12 de marzo preséntase unha proposta conxunta da 4ª Tenente de Alcalde delegada de deportes, Formación e Emprego, Turismo e Promoción Económica, a 5ª Tenente de Alcalde delegada de Cultura e Normalización Lingüística e a Concelleira delegada de Ensino e Xuventude, relativa ao criterio interpretativo que debe seguirse na aplicación do artigo 5 da Ordenanza fiscal municipal nº 25, con relación á devolución dos prezos públicos aboados para a participación en actividades culturais e deportivas.

II.- En dita proposta fórmulanse as seguintes consideracións:

"A Ordenanza fiscal municipal nº 25, reguladora do prezo público por actividades culturais e deportivas, establece no seu artigo 5 que *cando por causas non imputables ao obrigado ao pagamento do prezo público, a actividade non se desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente.*

Da redacción da Ordenanza resulta claro que cando a actividade non se desenvolva por causa imputable á Administración, procede a devolución en todo caso; asemade, que non procede a devolución cando a causa da falta de prestación do servizo débese á mera vontade do interesado, por ser unha causa imputable a el.

Porén o que non se define con claridade é qué ocorre nos casos en que, sen haber causa imputable á Administración, tampouco pode interpretarse que sexa imputable ao afectado, por tratarse de supostos en que dita vontade non entra en xogo por haber unha causa de forza maior.

Con frecuencia prodúcense casos en que cidadáns que xa aboaron o prezo das actividades vense impedidos de asistir a elas por causa de accidente ou enfermidade sobrevidos, ou outras circunstancias similares, resultando que -de aplicar unha interpretación restrictiva da norma- ao penoso da situación engadíriase que non poden recuperar o prezo aboadado por un servizo ou actividade do que non van desfrutar. Polo cal consideramos que cómpre que dito artigo sexa interpretado en sentido amplo, de xeito que cando a causa da non recepción do servizo ou falta de asistencia á actividade é de forza maior, se interprete que non é imputable ao administrado e, polo tanto, poda efectuarse a devolución do prezo aboadado.

Asemade, ocorre ás veces que por causa de fenómenos meteorolóxicos ou outros alleos á vontade da Administración, esta vese obrigada a cambiar as datas de realización das actividades, as horas, ou mesmo o lugar, de xeito que as condicións nas que finalmente se realiza a actividade son diferentes ás existentes cando se pagou o prezo. Nestes casos en que é a propia Administración a que está a modificar de xeito sustancial as características do servizo, a devolución dos prezos debe operar do mesmo xeito que se se cancelase a actividade, dando a oportunidade de que os que aboaron o prezo decidan se nas novas condicións ofertadas mantense o interese por acudir á actividade.

A Ordenanza Fiscal Xeral do Concello de Oleiros dispón no seu artigo 3: "*no ámbito das competencias desta corporación, corresponderá ao alcalde ou ao/á tenente de alcalde en*

quen delegue, a facultade para ditar disposicións interpretativas ou aclaratorias das ordenanzas fiscais”.

Como consecuencia de ditas consideracións, propónse á Alcaldía:

” -Que se estableza como criterio interpretativo do artigo 5 da Ordenanza fiscal municipal nº 25, que dispón que “cando por causas non imputables ao obrigado ao pagamento do prezo público, a actividade non se desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente” que se consideren incluídos en dito suposto:

- Os casos nos que a Administración suspende a actividade por propia iniciativa ou cambia as condicións esenciais da mesma que estaban establecidas no intre en que se produciu o pagamento; neste último caso, previa solicitude dos afectados.*
- Os casos en que o usuario non poda asistir á actividade ou recibir o servizo por causa de FORZA MAIOR, sempre que esta quede debidamente acreditada e sexa comunicada ao servizo organizador con anterioridade á data de inicio da actividade; entendendo forza maior no sentido que establece a Xurisprudencia do Tribunal Supremo, como acontecementos de carácter extraordinario que non puideran preverse ou que, previstos, non puideren evitarse”.*

III.- O artigo 53 da Ordenanza Fiscal Xeral dispón que a administración tributaria do Concello prestará aos obrigados tributarios a necesaria información sobre os seus dereitos e obrigas, polos seguintes medios: (...) b) A Xestión Tributaria do Concello, informará aos contribuíntes dos criterios administrativos seguidos para a aplicación da normativa fiscal do Concello e dita información será accesible a través da web do Concello.

IV.- En data 13 de marzo foi emitido informe favorable pola Asesora Xurídica das áreas propoñentes, e posteriormente emitida a conformidade polo Interventor accidental.

Polo exposto, facendo uso das facultades que me atribúe a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro.- Establecer como criterio interpretativo do artigo 5 da Ordenanza fiscal municipal nº 25, que dispón que *“cando por causas non imputables ao obrigado ao pagamento do prezo público, a actividade non se desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente”* que se consideren incluídos en dito suposto:

- Os casos nos que a Administración suspende a actividade por propia iniciativa ou cambia as condicións esenciais da mesma que estaban establecidas no intre en que se produciu o pagamento; neste último caso, previa solicitude dos afectados.*
- Os casos en que o usuario non poda asistir á actividade ou recibir o servizo por causa de FORZA MAIOR, sempre que esta quede debidamente acreditada e sexa comunicada ao servizo organizador con anterioridade á data de inicio da actividade; entendendo forza maior no sentido que establece a Xurisprudencia do Tribunal Supremo, como acontecementos de carácter extraordinario que non puideran preverse ou que, previstos, non puideren evitarse”.*



CONCELLO DE
OLEIROS

➤ *Alcaldía*

Segundo.- Que se lle dea publicidade a esta Resolución mediante a súa publicación na páxina web do Concello.

Terceiro.- Este decreto entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación na páxina web do Concello.

Oleiros, a 27 de marzo de 2018.

O Alcalde

Asdo. Angel García Seoane

*Dou fe,
A secretaria accidental*

Asdo. Pilar Cela Álvarez